

## 2. Requisitos técnicos.

Ademais do cumprimento dos citados requisitos administrativos, será tamén indispensable para a inscrición que o reparador dispoña dos recursos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo. Así mesmo, e co fin de que poida efectuar o contraste do instrumento unha vez reparado e garantir a bondade da reparación, deberá cumprir os seguintes requisitos técnicos:

2.1 Os patróns de referencia, así como os instrumentos de medida establecidos no punto 2.3 deste anexo, utilizados polos reparadores autorizados de contadores, deberán estar rastrexados a patróns nacionais.

2.2 Os patróns, equipamentos de medida e demais medios utilizados para os ensaios serán tales que a incerteza da medida non supere os valores establecidos nas seguintes táboas V e VI.

Táboa V. Incerteza da medida para enerxía activa

Clase do contador			Factor de potencia
A	B	C	
0,5 %	0,25 %	0,15 %	1
0,6 %	0,4 %	0,3 %	0,5 indutivo

Táboa VI. Incerteza da medida para enerxía reactiva

Clase do contador porcentaxe		sen φ
2	3	
0,5 %	0,7 %	1
1 %	1,4 %	sen φ # 1

En calquera caso, o equipamento de ensaio para contadores deberá cumprir as prescricións xerais establecidas na norma española UNE EN ou IEC de aplicación e os ensaios realizaranse nas condicións de referencia establecidas na norma UNE EN ou IEC de aplicación.

2.3 Co fin de controlar as condicións ambientais de referencia establecidas, durante a realización dos ensaios deberase dispor, polo menos, dos seguintes instrumentos de medida:

Un termómetro cuxa resolución sexa de 0,1 °C ou mellor, no intervalo de temperatura comprendido entre 15 °C e 30 °C, cunha incerteza de medida de 0,2 °C.

Un higrómetro cuxo campo de medida estea comprendido entre o 20 por 100 e o 80 por 100 de humidade relativa, cunha incerteza de medida do 5 por 100.

2.4 O equipamento de verificación de contadores constará, polo menos, dos seguintes instrumentos:

Unha regreta para conexión de contadores.

Unha fonte de alimentación estabilizada.

Un dispositivo de regulación da tensión eléctrica.

Un dispositivo de regulación da intensidade de corrente eléctrica.

Un desfasador.

Aparellos indicadores.

Ademais, deberase dispor de todos aqueles medios necesarios para verificar que o contador xunto cos seus dispositivos asociados, nun sistema de telexestión e de discriminación horaria, mantén os requisitos metrolóxicos e técnicos establecidos nos anexos I C e II desta orde.

# XEFATURA DO ESTADO

**18243** LEI 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións. («BOE» 251, do 19-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

## PREÁMBULO

I

A aplicación das novas tecnoloxías desenvolvidas no marco da sociedade da información supuxo a superación das formas tradicionais de comunicación, mediante unha expansión dos contidos transmitidos, que abranguen non soamente a voz senón tamén datos en soportes e formatos diversos. Pola súa vez, esta extraordinaria expansión en cantidade e calidade veu acompañada dun descenso nos custos, facendo que este tipo de comunicacións se atope ao alcance de calquera persoa e en calquera recanto do mundo.

A natureza neutra dos avances tecnolóxicos en telefonía e comunicacións electrónicas non impide que o seu uso se poida derivar cara á consecución de fins indesexados, cando non delituosos.

Precisamente no marco deste último obxectivo se encadra a Directiva 2006/24/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, sobre a conservación de datos xerados ou tratados en relación coa prestación de servizos de comunicacións electrónicas de acceso público ou de redes públicas de comunicacións, e pola que se modifica a Directiva 2002/58/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo, cuxa transposición ao noso ordenamento xurídico é o obxectivo principal desta lei.

O obxecto desta directiva é establecer a obriga dos operadores de telecomunicacións de reteren determinados datos xerados ou tratados por estes, co fin de posibilitar que dispoñan deles os axentes facultados. Enténdese por axentes facultados os membros dos corpos policiais autorizados para iso no marco dunha investigación criminal pola comisión dun delito, o persoal do Centro Nacional de Intelixencia para levar a cabo unha investigación de seguranza amparada na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, e na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia, así como os funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira, no desenvolvemento das súas competencias como policía xudicial, de acordo co punto 1 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal. Trátase, pois, de que todos estes poidan obter os datos relativos ás comunicacións que, relacionadas cunha investigación, se puidesen efectuar por medio da telefonía fixa ou móbil, así como pola internet. O establecemento desas obrigas, xustificadas para protexer a seguranza pública, efectúase buscando o imprescindible equilibrio co respecto dos dereitos individuais que poidan verse afectados, como son os relativos á privacidade e á intimidade das comunicacións.

Neste sentido, a lei é respectuosa cos pronunciamentos que, en relación co dereito ao segredo das comunicacións, veu emitindo o Tribunal Constitucional, respecto que, especialmente, se articula a través de dúas garantías:

en primeiro lugar, que os datos sobre os cales se establece a obriga de conservación son datos exclusivamente vinculados á comunicación, xa sexa telefónica ou efectuada a través da internet, pero en ningún caso reveladores do contido daquela; e, en segundo lugar, que a cesión de tales datos que afecten unha comunicación ou comunicacións concretas exixirá sempre a autorización xudicial previa.

En relación con esta última precisión, cabe sinalar que a Directiva se refire, expresamente, a que os datos conservados deberán estar dispoñibles para os fins de detección ou investigación por delitos graves, definidos estes de acordo coa lexislación interna de cada Estado membro.

## II

A lei conta con dez artigos que se agrupan en tres capítulos.

O capítulo I («Disposicións xerais») iníciase describindo o seu obxecto, que basicamente se circunscribe á determinación da obriga de conservar os datos enumerados no artigo 3, que se xerasen ou tratasen no marco dunha comunicación de telefonía fixa ou móbil, ou realizada a través dunha comunicación electrónica de acceso público ou mediante unha rede pública de comunicacións. Igualmente, precísanse os fins que, exclusivamente, xustifican a obriga de conservación, e que se limitan á detección, investigación e axuízamento dun delito recollido no Código penal ou nas leis penais especiais, cos requisitos e cautelas que a propia lei establece.

Neste capítulo tamén se precisan as limitacións sobre o tipo de datos que cómpre reter, que son os necesarios para identificar a orixe e destino da comunicación, así como a identidade dos usuarios ou abonados de ambos, pero nunca datos que revelen o contido da comunicación. Igualmente, a lei impón a obriga de conservación de datos que permitan determinar o momento e duración dunha determinada comunicación, o seu tipo, así como datos necesarios para identificar o equipamento de comunicación empregado e, no caso de utilización dun equipamento móbil, os datos necesarios para a súa localización.

En relación cos suxeitos que quedan obrigados a conservar os datos, estes serán os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, ou que exploten unha rede pública de comunicacións electrónicas en España.

A lei enumera no seu artigo 3, de maneira precisa e detallada, a listaxe de datos que quedan suxeitos á obriga de conservación no marco das comunicacións por telefonía fixa, móbil ou pola internet. Estes datos, que, repítese, en ningún caso revelarán o contido da comunicación, son os necesarios para identificar a orixe e destino da comunicación, a súa hora, data e duración, o tipo de servizo utilizado e o equipamento de comunicación dos usuarios utilizados. En aplicación das previsións contidas na Directiva 2006/24/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, quedan incluídas tamén no ámbito de aplicación da lei as denominadas chamadas telefónicas infrutuosas. Igualmente, inclúese a obriga de conservar os elementos que sexan suficientes para identificar o momento de activación dos teléfonos que funcionen baixo a modalidade de prepagamento.

No capítulo II («Conservación e cesión de datos») establécense os límites para efectuar a cesión de datos, o prazo de conservación destes, que será, con carácter xeral, de doce meses desde que a comunicación se establece (ben que regulamentariamente se poderá reducir a seis meses ou ampliar a dous anos, como permite a Directiva 2006/24/CE), e os instrumentos para garantir o uso lexítimo dos datos conservados, cuxa cesión e entrega exclusivamente se lle poderá efectuar ao axente facultado e para os fins establecidos na lei, estando cal-

quera uso indebido sometido aos mecanismos de control da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento. Ademais, establécense previsións específicas respecto do réxime xeral regulador dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación de datos contido na referida Lei orgánica 15/1999.

O capítulo III, ao referirse ao réxime sancionador, remite, en canto aos incumprimentos das obrigas de conservación e protección e seguranza dos datos de carácter persoal, á regulación contida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Por outro lado, os incumprimentos da obriga de posta á disposición dos axentes facultados, na medida en que as solicitudes estarán sempre amparadas por orde xudicial, constituirían a correspondente infracción penal.

Nas disposicións contidas na parte derradeira inclúense contidos diversos. Por un lado, e para os efectos de poder establecer instrumentos para controlar o emprego para fins delituosos dos equipamentos de telefonía móbil adquiridos mediante a modalidade de prepagamento, establécese, como obriga dos operadores que comercialicen o dito servizo, o mantemento dun rexistro coa identidade dos compradores.

Por último, a lei incorpora nas disposicións derradeiras unha modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, para adaptala ao contido desta lei, unha referencia ao seu amparo competencial, unha habilitación xeral ao Goberno para o seu desenvolvemento e un período de seis meses para as operadoras se poderen adaptar ao seu contido.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación da obriga dos operadores de conservaren os datos xerados ou tratados no marco da prestación de servizos de comunicacións electrónicas ou de redes públicas de comunicación, así como o deber de cesión dos ditos datos aos axentes facultados, sempre que lles sexan requiridos a través da correspondente autorización xudicial con fins de detección, investigación e axuízamento de delitos graves recollidos no Código penal ou nas leis penais especiais.

2. Esta lei aplicarase aos datos de tráfico e de localización sobre persoas físicas e xurídicas e aos datos relacionados necesarios para identificar o abonado ou usuario rexistrado.

3. Exclúese do ámbito de aplicación desta lei o contido das comunicacións electrónicas, incluída a información consultada utilizando unha rede de comunicacións electrónicas.

#### Artigo 2. *Suxeitos obrigados.*

Son destinatarios das obrigas relativas á conservación de datos impostas nesta lei os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou exploten redes públicas de comunicacións, nos termos establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

#### Artigo 3. *Datos obxecto de conservación.*

1. Os datos que deben ser conservados polos operadores especificados no artigo 2 desta lei son os seguintes:

a) Datos necesarios para rastrexar e identificar a orixe dunha comunicación:

1.º Con respecto á telefonía de rede fixa e á telefonía móbil:

- i) Número de teléfono de chamada.
- ii) Nome e enderezo do abonado ou usuario rexistrado.

2.º Con respecto ao acceso á internet, correo electrónico pola internet e telefonía pola internet:

- i) A identificación de usuario asignada.
- ii) A identificación de usuario e o número de teléfono asignados a toda comunicación que acceda á rede pública de telefonía.
- iii) O nome e enderezo do abonado ou do usuario rexistrado ao cal se lle asignou no momento da comunicación un enderezo de protocolo da internet (IP), unha identificación de usuario ou un número de teléfono.

b) Datos necesarios para identificar o destino dunha comunicación:

1.º Con respecto á telefonía de rede fixa e á telefonía móbil:

- i) O número ou números marcados (o número ou números de teléfono de destino) e, naqueles casos en que interveñan outros servizos, como o desvío ou a transferencia de chamadas, o número ou números cara aos cales se transfiren as chamadas.
- ii) Os nomes e os enderezos dos abonados ou usuarios rexistrados.

2.º Con respecto ao correo electrónico pola internet e a telefonía pola internet:

- i) A identificación de usuario ou o número de teléfono do destinatario ou dos destinatarios dunha chamada telefónica pola internet.
- ii) Os nomes e enderezos dos abonados ou usuarios rexistrados e a identificación de usuario do destinatario da comunicación.

c) Datos necesarios para determinar a data, hora e duración dunha comunicación:

1.º Con respecto á telefonía de rede fixa e á telefonía móbil: a data e hora do comezo e fin da chamada ou, se é o caso, do servizo de mensaxaría ou do servizo multimedia.

2.º Con respecto ao acceso á internet, ao correo electrónico pola internet e á telefonía pola internet:

- i) A data e hora da conexión e desconexión do servizo de acceso á internet rexistradas, baseadas nun determinado fuso horario, así como o enderezo do Protocolo Internet, xa sexa dinámico ou estático, asignado polo provedor de acceso á internet a unha comunicación, e a identificación de usuario ou do abonado ou do usuario rexistrado.
- ii) A data e hora da conexión e desconexión do servizo de correo electrónico pola internet ou do servizo de telefonía pola internet, baseadas nun determinado fuso horario.

d) Datos necesarios para identificar o tipo de comunicación.

1.º Con respecto á telefonía de rede fixa e á telefonía móbil: o servizo telefónico utilizado: tipo de chamada (transmisión de voz, caixa de correo vocal, conferencia, datos), servizos suplementarios (incluído o reenvío ou transferencia de chamadas) ou servizos de mensaxaría ou multimedia empregados (incluídos os servizos de mensaxes curtas, servizos multimedia avanzados e servizos multimedia).

2.º Con respecto ao correo electrónico pola internet e á telefonía pola internet: o servizo da internet utilizado.

e) Datos necesarios para identificar o equipamento de comunicación dos usuarios ou o que se considera ser o equipamento de comunicación:

1.º Con respecto á telefonía de rede fixa: os números de teléfono de orixe e de destino.

2.º Con respecto á telefonía móbil:

- i) Os números de teléfono de orixe e destino.
- ii) A identidade internacional do abonado móbil (IMSI) da parte que efectúa a chamada.
- iii) A identidade internacional do equipamento móbil (IMEI) da parte que efectúa a chamada.
- iv) A IMSI da parte que recibe a chamada.
- v) A IMEI da parte que recibe a chamada.
- vi) No caso dos servizos anónimos de pagamento por adiantado, tales como os servizos con cartóns prepago, data e hora da primeira activación do servizo e a etiqueta de localización (o identificador de cela) desde a cal se activase o servizo.

3.º Con respecto ao acceso á internet, correo electrónico pola internet e telefonía pola internet:

- i) O número de teléfono de orixe en caso de acceso mediante marcaxe de números.
- ii) A liña dixital de abonado (DSL) ou outro punto terminal identificador do autor da comunicación.

f) Datos necesarios para identificar a localización do equipamento de comunicación móbil:

1.º A etiqueta de localización (identificador de cela) ao inicio da comunicación.

2.º Os datos que permiten fixar a localización xeográfica da cela, mediante referencia á etiqueta de localización, durante o período no cal se conservan os datos das comunicacións.

2. Non se poderá conservar ningún dato que revele o contido da comunicación, en virtude desta lei.

## CAPÍTULO II

### Conservación e cesión de datos

#### Artigo 4. *Obriga de conservar datos.*

1. Os suxeitos obrigados adoptarán as medidas necesarias para garantir que os datos especificados no artigo 3 desta lei se conserven de conformidade co disposto nela, na medida en que sexan xerados ou tratados por aqueles no marco da prestación dos servizos de comunicacións de que se trate.

En ningún caso os suxeitos obrigados poderán aproveitar ou utilizar os rexistros xerados, fóra dos supostos de autorización fixados no artigo 38 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. A citada obriga de conservación esténdese aos datos relativos ás chamadas infrutuosas, na medida en que os datos son xerados ou tratados e conservados ou rexistrados polos suxeitos obrigados. Entenderase por chamada infrutuosa aquela comunicación no transcurso da cal se realizou con éxito unha chamada telefónica pero sen contestación, ou en que houbo unha intervención por parte do operador ou operadores involucrados na chamada.

3. Os datos relativos ás chamadas non conectadas están excluídos das obrigas de conservación contidas nesta lei. Entenderase por chamada non conectada aquela comunicación no transcurso da cal se realizou sen éxito unha chamada telefónica, sen que houbera intervención do operador ou operadores involucrados.



#### Artigo 5. *Período de conservación dos datos.*

1. A obriga de conservación de datos imposta cesa aos doce meses computados desde a data en que se produce a comunicación. Regulamentariamente, logo de consulta aos operadores, poderase ampliar ou reducir o prazo de conservación para determinados datos ou unha categoría de datos ata un máximo de dous anos ou un mínimo de seis meses, tomando en consideración o custo do almacenamento e conservación dos datos, así como o interese destes para os fins de investigación, detección e axuizamento dun delito grave, logo de consulta aos operadores.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 16.3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sobre a obriga de conservar datos bloqueados nos supostos legais de cancelación.

#### Artigo 6. *Normas xerais sobre cesión de datos.*

1. Os datos conservados de conformidade co disposto nesta lei soamente poderán ser cedidos, de acordo co disposto nela para os fins que se determinan e logo de autorización xudicial.

2. A cesión da información efectuarase unicamente aos axentes facultados.

Para estes efectos, terán a consideración de axentes facultados:

a) Os membros das forzas e corpos de seguranza, cando desempeñen funcións de policía xudicial, de acordo co previsto no artigo 547 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

b) Os funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira, no desenvolvemento das súas competencias como policía xudicial, de acordo co punto 1 do artigo 283 da Lei de axuizamento criminal.

c) O persoal do Centro Nacional de Intelixencia no curso das investigacións de seguranza sobre persoas ou entidades, de acordo co previsto na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, e na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia.

#### Artigo 7. *Procedemento de cesión de datos.*

1. Os operadores estarán obrigados a lle ceder ao axente facultado os datos conservados a que se refire o artigo 3 desta lei concernentes a comunicacións que identifiquen persoas, sen prexuízo da resolución xudicial prevista no punto seguinte.

2. A resolución xudicial determinará, conforme o previsto na Lei de axuizamento criminal e de acordo cos principios de necesidade e proporcionalidade, os datos conservados que deben ser cedidos aos axentes facultados.

3. O prazo de execución da orde de cesión será o fixado pola resolución xudicial, atendendo á urxencia da cesión e para os efectos da investigación de que se trate, así como á natureza e complexidade técnica da operación.

Se non se establece outro prazo distinto, a cesión deberase efectuar dentro das setenta e dúas horas contadas a partir das 8.00 horas do día laborable seguinte a aquel en que o suxeito obrigado reciba a orde.

#### Artigo 8. *Protección e seguranza dos datos.*

1. Os suxeitos obrigados deberán identificar o persoal especialmente autorizado para acceder aos datos obxecto desta lei, adoptar as medidas técnicas e organizativas que impidan a súa manipulación ou uso para fins distintos dos comprendidos nela, a súa destrución acci-

dental ou ilícita e a súa perda accidental, así como o seu almacenamento, tratamento, divulgación ou acceso non autorizados, con suxeición ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As obrigas relativas ás medidas para garantir a calidade dos datos e a confidencialidade e seguranza no seu tratamento serán as establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. O nivel de protección dos datos almacenados determinarase de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. A Axencia Española de Protección de Datos é a autoridade pública responsable de velar polo cumprimento das previsións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e da normativa de desenvolvemento aplicables aos datos recollidos nesta lei.

#### Artigo 9. *Excepcións aos dereitos de acceso e cancelación.*

1. O responsable do tratamento dos datos non comunicará a cesión de datos efectuada de conformidade co esta lei.

2. O responsable do tratamento dos datos denegará o exercicio do dereito de cancelación nos termos e condicións previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

### CAPÍTULO III

#### Infraccións e sancións

#### Artigo 10. *Réxime aplicable ao incumprimento de obrigas recollidas nesta lei.*

O incumprimento das obrigas previstas nesta lei sancionarase de acordo co disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, sen prexuízo das responsabilidades penais que puideren derivar do incumprimento da obriga de cesión de datos aos axentes facultados.

#### Disposición adicional única. *Servizos de telefonía mediante cartóns de prepago.*

1. Os operadores de servizos de telefonía móbil que comercialicen servizos con sistema de activación mediante a modalidade de cartóns de prepago, deberán levar un libro-rexistro en que conste a identidade dos clientes que adquiran un cartón intelixente coa dita modalidade de pagamento.

Os operadores informarán os clientes, con carácter previo á venda, da existencia e contido do rexistro, da súa dispoñibilidade nos termos expresados no número seguinte e dos dereitos recollidos no artigo 38.6 da Lei 32/2003.

A identificación efectuarase mediante documento acreditativo da personalidade, facéndose constar no libro-rexistro o nome, apelidos e nacionalidade do comprador, así como o número correspondente ao documento identificativo utilizado e a natureza ou denominación do dito documento. No suposto de persoas xurídicas, a identificación realizarase achegando o cartón de identificación fiscal, e farase constar no libro-rexistro a denominación social e o código de identificación fiscal.

2. Desde a activación do cartón de prepago e ata que cese a obriga de conservación a que se refire o artigo 5 desta lei, os operadores cederán os datos identificativos previstos no punto anterior cando, para o cumprimento dos seus fins, lles sexan requiridos polos axentes facultados, os membros das forzas e corpos de seguranza

do Estado e dos corpos policiais das comunidades autónomas con competencia para a protección das persoas e bens e para o mantemento da seguraza pública, o persoal do Centro Nacional de Intelixencia no curso das investigacións de seguraza sobre persoas ou entidades, así como os funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira.

3. Os datos identificativos estarán sometidos ás disposicións desta lei, respecto aos sistemas que garantan a súa conservación, non manipulación ou acceso ilícito, destrución, cancelación e identificación da persoa autorizada.

4. Os operadores deberán ceder os datos identificativos previstos no punto 1 desta disposición aos axentes facultados, aos membros das forzas e corpos de seguraza do Estado e dos corpos policiais das comunidades autónomas con competencia para a protección das persoas e bens e para o mantemento da seguraza pública, ou ao persoal do Centro Nacional de Intelixencia, así como aos funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira, cando lles sexan requiridos por estes con fins de investigación, detección e axuízamento dun delito recollido no Código penal ou nas leis penais especiais.

5. Sen prexuízo do réxime sancionador establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, constitúen infraccións ao previsto nesta disposición as seguintes:

a) Son infraccións moi graves tanto o incumprimento do mantemento do libro-rexistro referido como a negativa á cesión e entrega dos datos ás persoas e nos casos previstos nesta disposición.

b) Son infraccións graves o mantemento incompleto do dito libro-rexistro así como a demora inxustificada, en máis de setenta e dúas horas, na cesión e entrega dos datos ás persoas e nos casos previstos nesta disposición.

6. Ás infraccións previstas no punto anterior seralles de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a competencia sancionadora corresponderalle ao secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

O procedemento para sancionar as citadas infraccións iniciárase por acordo do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, podendo o Ministerio do Interior solicitar o dito inicio.

En todo caso, deberase solicitar do Ministerio do Interior informe preceptivo e determinante para a resolución do procedemento sancionador.

7. A obriga de inscrición no libro-rexistro dos datos identificativos dos compradores que adquiran cartóns intelixentes, así como o resto das obrigas contidas nesta disposición adicional, comezarán a ser exixibles a partir da entrada en vigor desta lei.

8. Non obstante, polo que se refire aos cartóns adquiridos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, os operadores de telefonía móbil que comercialicen estes servizos disporán dun prazo de dous anos, contado desde a dita entrada en vigor, para cumpriren coas obrigas de inscrición a que se refire o punto 1 desta disposición adicional.

Transcorrido o aludido prazo de dous anos, os operadores estarán obrigados a anular ou a desactivar aqueles cartóns de prepagamento respecto dos cales non se puidese cumprir coas obrigas de inscrición do referido punto 1 desta disposición adicional, sen prexuízo da compensación que, se é o caso, lle corresponda ao titular deles polo saldo pendente de consumo.

Disposición transitoria única. *Vixencia do réxime de interceptación de telecomunicacións.*

As normas ditadas en desenvolvemento do capítulo III do título III da Lei 32/2003, do 3 de novembro, continuarán en vigor mentres non se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 12, 38.2 c) e d) e 38.3 a) da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 33 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Segredo das comunicacións.*

1. Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público deberán garantir o segredo das comunicacións de conformidade cos artigos 18.3 e 55.2 da Constitución, e deberán adoptar as medidas técnicas necesarias.

2. Os operadores están obrigados a realizar as interceptacións que se autoricen, de acordo co establecido no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal, na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia e noutras normas con rango de lei orgánica. Así mesmo, deberán adoptar á súa custa as medidas que se establecen neste artigo e nos regulamentos correspondentes.

3. A interceptación a que se refire o punto anterior deberase facilitar para calquera comunicación que teña como orixe ou destino o punto de terminación de rede ou o terminal específico que se determine a partir da orde de interceptación legal, incluso aínda que estea destinada a dispositivo de almacenamento ou procesamento da información; así mesmo, a interceptación poderase realizar sobre un terminal coñecido e cuns datos de sede temporal para comunicacións desde locais públicos. Cando non exista unha vinculación fixa entre o suxeito da interceptación e o terminal utilizado, este poderase ser determinado dinamicamente cando o suxeito da interceptación o active para a comunicación mediante un código de identificación persoal.

4. O acceso facilitarase para todo tipo de comunicacións electrónicas, en particular, pola súa penetración e cobertura, para as que se realicen mediante calquera modalidade dos servizos de telefonía e de transmisión de datos, se trate de comunicacións de vídeo, audio, intercambio de mensaxes, ficheiros ou da transmisión de facsimiles.

O acceso facilitado servirá tanto para a supervisión como para a transmisión aos centros de recepción das interceptacións da comunicación electrónica interceptada e a información relativa á interceptación, e permitirá obter o sinal con que se realiza a comunicación.

5. Os suxeitos obrigados deberánlle facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición e sen prexuízo doutros datos que poidan ser establecidos mediante

real decreto, os datos indicados na orde de interceptación legal, de entre os que se relacionan a continuación:

a) Identidade ou identidades do suxeito obxecto da medida da interceptación.

Enténdese por identidade a etiqueta técnica que pode representar a orixe ou o destino de calquera tráfico de comunicacións electrónicas, en xeral, identificada mediante un número de identidade de comunicacións electrónicas físico (tal como un número de teléfono) ou un código de identidade de comunicacións electrónicas lóxico ou virtual (tal como un número persoal) que o abonado pode asignar a un acceso físico caso a caso.

b) Identidade ou identidades das outras partes involucradas na comunicación electrónica.

c) Servizos básicos utilizados.

d) Servizos suplementarios utilizados.

e) Enderezo da comunicación.

f) Indicación de resposta.

g) Causa de finalización.

h) Marcas temporais.

i) Información de localización.

j) Información intercambiada a través da canle de control ou sinalización.

6. Ademais da información relativa á interceptación prevista no punto anterior, os suxeitos obrigados deberanlle facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición e sen prexuízo doutros datos que poidan ser establecidos mediante real decreto, de calquera das partes que interveñan na comunicación que sexan clientes do suxeito obrigado, os seguintes datos:

a) Identificación da persoa física ou xurídica.

b) Domicilio no cal o provedor realiza as notificacións.

E aínda que non sexa abonado, se o servizo de que se trata permite dispoñer dalgún dos seguintes:

c) Número de titular de servizo (tanto o número de directorio como todas as identificacións de comunicacións electrónicas do abonado).

d) Número de identificación do terminal.

e) Número de conta asignada polo provedor de servizos á internet.

f) Enderezo de correo electrónico.

7. Xunto cos datos previstos nos puntos anteriores, os suxeitos obrigados deberán facilitar, salvo que polas características do servizo non estea á súa disposición, información da situación xeográfica do terminal ou punto de terminación de rede orixe da chamada e da do destino da chamada. En caso de servizos móbiles, proporcionarase unha posición o máis exacta posible do punto de comunicación e, en todo caso, a identificación, localización e tipo da estación base afectada.

8. Con carácter previo á execución da orde de interceptación legal, os suxeitos obrigados deberanlle facilitar ao axente facultado información sobre os servizos e características do sistema de telecomunicación que utilizan os suxeitos obxecto da medida da interceptación e, se constan no seu poder, os correspondentes nomes dos abonados cos seus números de documento nacional de identidade, car-

tón de residencia ou pasaporte, no caso de persoas físicas, ou denominación e código de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas.

9. Os suxeitos obrigados deberán ter en todo momento preparadas unha ou máis interfaces a través das cales as comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación se transmitirán aos centros de recepción das interceptacións. As características destas interfaces e o formato para a transmisión das comunicacións interceptadas a estes centros estarán suxeitos ás especificacións técnicas que regulamentariamente sexan establecidas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

10. No caso de que os suxeitos obrigados lles apliquen ás comunicacións obxecto de interceptación legal algún procedemento de compresión, cifraxe, dixitalización ou calquera outro tipo de codificación, deberán entregar aquelas desprovistas dos efectos de tales procedementos, sempre que sexan reversibles.

As comunicacións interceptadas débense prover ao centro de recepción das interceptacións cunha calidade non inferior á que obtén o destinatario da comunicación.»

Dous. O último parágrafo do punto 5 do artigo 38 pasa a ter a seguinte redacción:

«O establecido nas letras a) e d) do punto 3 deste artigo enténdese sen prexuízo das obrigas establecidas na Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.»

Tres. No artigo 53 modifícanse as alíneas o) e z), que quedan redactadas da seguinte forma:

«o) O incumprimento deliberado, por parte dos operadores, das obrigas en materia de interceptación legal de comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 33 desta lei e o incumprimento deliberado das obrigas de conservación dos datos establecidas na Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.»

«z) A vulneración grave ou reiterada dos dereitos previstos no artigo 38.3, salvo o previsto pola alínea h), cuxa infracción se rexerá polo réxime sancionador previsto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e o incumprimento grave ou reiterado das obrigas de protección e seguranza dos datos almacenados establecidas no artigo 8 da Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.»

Catro. No artigo 54 modifícanse as alíneas ñ) e r), que quedan redactadas da seguinte forma:

«ñ) O incumprimento, por parte dos operadores, das obrigas en materia de interceptación legal de comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 33 desta lei e o incumprimento das obrigas de conservación dos datos establecidas na Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións, salvo que se deban considerar como infracción moi grave, conforme o disposto no artigo anterior.»

«r) A vulneración dos dereitos previstos no artigo 38.3, salvo o previsto pola alínea h), cuxa infracción se rexerá polo réxime sancionador previsto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, e o incumprimento das obrigas de protección e seguranza dos



datos establecidas no artigo 8 da Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións, salvo que se deban considerar como infracción moi grave.»

Disposición derradeira segunda. *Competencia estatal.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública, e do artigo 149.1.21.<sup>a</sup>, que lle confire ao Estado competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habilitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Formato de entrega dos datos.*

1. A cesión aos axentes facultados dos datos cuxa conservación sexa obrigatoria efectuarase en formato electrónico, na forma que se determine por orde conxunta dos ministros de Interior, de Defensa e de Economía e Facenda, que se aprobará no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

2. Os suxeitos obrigados a que se refire o artigo 2 desta lei terán un prazo de seis meses, desde a súa entrada en vigor, para configuraren, á súa custa, os seus equipamentos e estaren tecnicamente en disposición de cumprir coas obrigas de conservación e cesión de datos.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**18305** *REAL DECRETO 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea. («BOE» 252, do 20-10-2007.)*

Este real decreto culmina a incorporación ao dereito español do réxime comunitario da transparencia da información sobre os emisores cuxos valores coticen nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado

regulado da Unión Europea. A orixe desta norma encóntrase no Plan de Acción para os Servizos Financeiros da Unión Europea, aprobado pola Comisión Europea en 1999. Ese plan consiste nun conxunto de medidas acordadas no ámbito da Unión Europea co ánimo de completar o mercado único de servizos financeiros. Unha das medidas destacadas que compoñen ese plan foi a adopción da Directiva 2004/109/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE. Esta norma, tal e como sinala o seu primeiro considerando, parte do convencemento de que a existencia de mercados de valores eficientes, transparentes e integrados contribúe a facer realidade o mercado único na Comunidade e estimula o crecemento e a creación de emprego a través dunha mellor distribución do capital e unha redución de custos. A divulgación de información exacta, completa e puntual sobre os emisores de valores fomenta a confianza continua do investidor e permite unha avaliación informada do seu rendemento e os seus activos. Con isto mellora a protección dos investidores e aumenta a eficiencia do mercado.

Con estes dous obxectivos, a Directiva 2004/109/CE diseña un réxime de información, á cal denomina «información regulada», composto, por unha parte, pola información pública que os emisores deben publicar e difundir ao mercado con carácter periódico (informes anual, semestrais e declaracións intermedias de xestión ou informes trimestrais), e, por outra parte, pola información sobre os emisores que debe estar á disposición do público e ser difundida de maneira continuada (información relevante segundo o réxime de abuso de mercado, identidade dos accionistas significativos, operacións de autocartera). Diversos aspectos da Directiva 2004/109/CE están desenvolvidos na Directiva 2007/14/CE da Comisión, do 8 de marzo de 2007, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado.

Os elementos esenciais da Directiva 2004/109/CE xa foron incorporados ao dereito español mediante a recente aprobación da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para a modificación do réxime das ofertas públicas de adquisición e da transparencia dos emisores, publicada no Boletín Oficial del Estado o venres 13 de abril de 2007. Por conseguinte, o obxectivo principal deste real decreto é desenvolver esas modificacións operadas na Lei do mercado de valores, para deste modo incorporar ao dereito español aquela parte da Directiva 2004/109/CE que non foi recollida na Lei 6/2007, así como a Directiva 2007/14/CE de desenvolvemento da anterior.

O real decreto comeza cun título preliminar de disposicións xerais no cal se determina o ámbito de aplicación da norma, se definen os elementos que integran a información regulada e se establece a obriga do emisor de publicar e difundir esa información, así como de remitirla simultaneamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores. O emisor poderá optar entre difundir directamente esa información ou encomendarlle esa función a un terceiro, que pode ser a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outros medios, como as bolsas de valores ou os medios de comunicación. O rexistro da información regulada desta comisión actúa como mecanismo central de almacenamento dela. Este título preliminar conclúe co réxime lingüístico aplicable á información regulada, colofón lóxico dun conxunto de regras sobre información financeira que están harmonizadas en toda a Unión Europea e previsión indispensable nun contexto en